

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E COMPETITIVIDADE

12724 *Real decreto 873/2017, do 29 de setembro, polo que se regula a concesión de axudas ao sector de construción naval en materia de investigación, desenvolvemento e innovación.*

O sector da construción naval, relevante tanto desde o punto de vista económico como social, é dinámico e competitivo.

Co fin de promover esa competitividade, a iniciativa actual LeaderSHIP 2020 da Comisión Europea, que ten a súa orixe na iniciativa LeaderSHIP 2015, aborda catro piares fundamentais: a formación e o emprego; a competitividade internacional; o acceso ao financiamento; a investigación, desenvolvemento e innovación.

Tendo en conta as características do sector da industria da construción naval e da competencia internacional, as axudas estatais á construción naval no ámbito europeo estiveron reguladas durante os últimos anos por directivas, regulamentos e marcos de axuda comunitarios específicos. O último deles é o Marco aplicable ás axudas estatais á construción naval (2011/C 364/06), prorrogado ata o 30 de xuño de 2014 (2013/C 357/01). Este marco establecía condicións e límites particulares para o sector naval sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación.

Tras a finalización do dito marco, as axudas de Estado ao sector en materia de I+D+i víronse afectadas polos últimos cambios normativos comunitarios. O actual réxime de axudas I+D+i para os anos 2016-2020 á construción naval, notificado á Comisión Europea con SA.43923, baséase no Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, tal e como indicou a Comisión mediante a Comunicación 42410 (2015/PN).

No ámbito nacional, de igual forma e co obxectivo de mellorar a competitividade dos estaleiros españois, o Real decreto 442/1994, do 11 de marzo, sobre primas e financiamento á construción naval, e as súas sucesivas modificacións, estableceu o marco de apoio institucional para mellorar a competitividade dos estaleiros por medio de axudas en materia de I+D+i, todo iso dentro dos límites comunitarios sinalados.

O financiamento das axudas horizontais en materia de I+D+i do sector foi posible historicamente grazas á creación do Fondo de reestruturación, ao abeiro do Real decreto 1433/1987, do 25 de novembro, sobre primas á construción naval, e mantívose co Real decreto 442/1994, do 11 de marzo, e as súas sucesivas modificacións. O Fondo foise dotando mediante as primas de reestruturación reguladas no citado Real decreto 442/1994, do 11 de marzo, con cargo ás partidas orzamentarias do suprimido Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Con este real decreto suprímense as primas de reestruturación. Non obstante, o Fondo de reestruturación encóntrase suficientemente dotado para atender os pagamentos previstos ata o 2020, derivados das futuras concesións de axudas en materia de I+D+i aos estaleiros. O Fondo de reestruturación mantén o seu fin, que é contribuír á mellora da competitividade do sector da construción naval mediante as modalidades de apoio que en cada momento resulten compatibles coa normativa comunitaria, como é o caso das axudas estatais de investigación, desenvolvemento e innovación.

As últimas normas de aplicación do Fondo de reestruturación do sector da construción naval para axudas en materia de I+D+i foron aprobadas pola Orde IET/2679/2015, do 4 de decembro, que define os criterios de acceso ás ditas axudas.

Os dous instrumentos de apoio ao sector que aínda permanecen no Real decreto 442/1994, do 11 de marzo, sepáranse e régulanse mediante dous novos reais decretos específicos, un para a subvención ao tipo de xuro, e outro para as axudas en

materia de I+D+i con cargo ao Fondo de reestruturación. Estes novos reais decretos permiten derrogar o Real decreto 442/1994, do 11 de marzo.

Este real decreto, polo tanto, ten por finalidade adaptar a norma nacional reguladora dos apoios ao sector en forma de axudas directas en materia de I+D+i aos últimos cambios normativos comunitarios, a consolidación das modificacións que se produciron no texto e a separación dos dous instrumentos de axuda aínda vixentes, mantendo os apoios na forma de axudas en materia de I+D+i.

Existen peculiares razóns de interese público, social e económico para desenvolver actuacións de impulso á construción naval mediante a concesión de subvencións directas, como son: o efecto tractor no emprego, directo e inducido, particularmente relevante nas rexións en que as unidades produtivas están localizadas, o carácter innovador da actividade e o seu gran compoñente exportador. Así mesmo, permite ofrecer posibilidades de acceso a axudas en materia de I+D+i, como as ofrecidas polo resto de Estados aos seus estaleiros.

Por iso, a estas axudas, como continuación do Real decreto 442/1994, do 11 de marzo, resultalles de aplicación o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, relativo ás axudas en réxime de concesión directa, e é preciso un real decreto que, de conformidade co artigo 28.2 da referida lei, aprobe as normas especiais das subvencións reguladas no citado artigo 22.2.c) e dea continuidade ao anterior real decreto regulador das axudas ao sector, con cargo ao Fondo de reestruturación.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía, Industria e Competitividade, logo de informe do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de setembro de 2017,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito.*

1. Constitúe o obxecto deste real decreto regular a concesión directa de axudas ao sector da construción naval en España en materia de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i), co fin de potenciar a capacidade competitiva do sector e a diferenciación tecnolóxica de produtos e procesos.

2. As actividades a que se refire este real decreto deberanse desenvolver en territorio español.

Artigo 2. *Réxime xurídico.*

As axudas a que se refire este real decreto rexeranse, ademais de polo disposto nel, polo establecido nas seguintes normas:

a) Regulamento (UE) n.º 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.

b) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

c) Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

d) Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

e) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

f) Orde IET/2679/2015, do 4 de decembro, pola que se aproban as normas de aplicación do Fondo de reestruturación do sector da construción naval para axudas á investigación, ao desenvolvemento e á innovación.

g) As demais disposicións que resulten de aplicación e as que substitúan as anteriores.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, enténdese por:

a) Artefacto naval: aquel de casco metálico autopropulsado que, mediante a súa propulsión e goberno permanente, teña todas as características para a navegación autónoma en mar alto ou en vías navegables interiores, e pertenza a unha das seguintes categorías:

1.º Os buques de mar alto dun arqueo bruto (GT) igual ou superior a 100 e os buques de navegación interior de tamaño equivalente utilizados para o transporte de pasaxeiros ou mercadorías.

2.º Os buques de mar alto e os buques de navegación interior para servizos especializados (por exemplo, dragas e crebaxeos) dun arqueo bruto (GT) igual ou superior a 100.

3.º Os remolcadores de potencia igual ou superior a 365 kW.

4.º Os buques pesqueiros dun arqueo bruto (GT) igual ou superior a 100, sempre e cando o Fondo Europeo Marítimo e de Pesca ou o instrumento que o substitúa non lle conceda unha axuda ao buque, sempre que cumpran as condicións establecidas no Regulamento (UE) n.º 508/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 2328/2003, (CE) n.º 861/2006, (CE) n.º 1198/2006 e (CE) n.º 791/2007, do Consello, e o Regulamento (UE) n.º 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello.

5.º Os cascos non finalizados dos buques mencionados nos parágrafos 1.º, 2.º, 3.º e 4.º, móbiles e en flotación.

b) Transformación: aquela que se realice sobre un artefacto naval, definido nos parágrafos 1.º, 2.º, 3.º e 4.º, cuxo arqueo bruto (GT) sexa igual ou superior a 500, despois da obra de transformación, de acordo coa definición de transformación do Real decreto 1837/2000, do 10 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de inspección e certificación de buques civís, e calquera normativa que o substitúa.

Artigo 4. Beneficiarias e requisitos.

1. Poderán ser beneficiarias das axudas ao sector naval en materia de I+D+i as empresas do sector naval (estaleiros), autorizadas en España para construír buques de casco metálico de máis de 100 GT, que dispoñan de autorización administrativa prevista na disposición adicional décimo oitava da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 1991.

2. Non poderán ter a condición de beneficiarias:

a) As persoas ou entidades nas cales conorra algunha das circunstancias enumeradas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como se teñen pendentes obrigas de reintegro de subvencións ou axudas.

Para estes efectos deberán achegarse, nos termos previstos nos artigos 25 e 26 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xuño, os correspondentes certificados e declaracións responsables.

b) As empresas en crise, de acordo co artigo 1 do Regulamento (UE) n.º 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, tal e como veñen definidas no seu artigo 2.18.

c) As empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente, tras unha decisión previa da Comisión Europea que declarase unha axuda ilegal ou incompatible co mercado común.

3. O feito de presentar a solicitude de subvención comporta a autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social a través de certificados telemáticos. O solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, caso en que deberá achegar os correspondentes certificados nos termos previstos polo artigo 22 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

4. Son obrigas das beneficiarias as indicadas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Artigo 5. *Financiamento.*

1. As axudas ao sector naval en materia de I+D+i serán financiadas con cargo ao Fondo de reestruturación, depositado actualmente na sociedade mercantil Pequenos y Medianos Astilleros Sociedad de Reconversión, S. A. (Pymar), como entidade xestora del.

2. O outorgamento e a contía das axudas quedarán supeditados á dispoñibilidade de recursos do Fondo de reestruturación. Non obstante, o Ministerio de Economía, Industria e Competitividade poderá dotar estas axudas con cargo aos seus orzamentos e cun límite máximo anual de 15 millóns de euros, se se desen as circunstancias de necesidade e o considerase conveniente para continuar coas axudas de I+D+i ao sector.

3. As aplicacións do Fondo de reestruturación deberanse realizar, logo de autorización expresa do titular do departamento ministerial, sen prexuízo das delegacións existentes na materia para cada actuación específica, dentro daquelas a que se fai referencia neste real decreto e na Orde IET/2679/2015, do 4 de decembro, pola que se aproban as normas de aplicación do Fondo de reestruturación do sector da construción naval para axudas á investigación, desenvolvemento e innovación.

4. A entidade xestora será única e exclusivamente depositaria do Fondo e deberá informar trimestralmente a Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa das aplicacións realizadas en cada trimestre, así como da situación deste, incluíndo as novas devindicacións recibidas e o detalle da conta de xuros.

Así mesmo, a entidade xestora levará a cabo a xestión da obtención dos rendementos financeiros, mediante investimentos en débeda pública ou outras autorizadas expresamente pola Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, que se incorporarán a unha conta da cal se levará contabilidade separada. As aplicacións con cargo á dita conta de xuros realizaranse mediante autorización expresa da dita dirección xeral.

Artigo 6. *Axudas de I+D+i.*

1. Serán susceptibles de axuda as actuacións de I+D+i que pretendan potenciar a capacidade competitiva do sector da construción naval e a diferenciación tecnolóxica de produtos e procesos. Distínguense as seguintes actuacións:

a) Estudos de viabilidade técnica previos a proxectos de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental, segundo se definen no artigo 2.87) do Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño.

b) Investigación industrial, segundo a definición do artigo 2.85) do Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño.

c) Desenvolvemento experimental, conforme a definición que realiza o artigo 2.86) do Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño. Será aplicable tamén ás construcións e transformacións de artefactos navais, como prototipo de buque e sistemas.

d) Innovación en materia de procesos e organización, segundo as definicións dos artigos 2.96) e 2.97) do Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño.

2. Os valores máximos das axudas, a intensidade destas, os custos subvencionables e os criterios de avaliación dos proxectos obxecto destas axudas cumpriran o establecido

no Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño, e, en particular, o establecido na Orde IET/2679/2015, do 4 de decembro.

3. Establécese un límite anual total de gasto para axudas de I+D+i con cargo ao Fondo de reestruturación de 15 millóns de euros para as solicitudes presentadas polos estaleiros, de acordo co réxime notificado á Comisión Europea (SA.43923).

Artigo 7. *Subcontratación.*

1. O beneficiario debe ser o impulsor e principal axente do obxecto da subvención.

2. No caso de innovación en materia de procesos e organización, o beneficiario poderá subcontratar a actividade ata o 100 por cento. Os estaleiros grandes empresas unicamente poderán ser beneficiarios destas axudas se, xunto coa solicitude, declaran que o proxecto se realizará coa subcontratación de pequenas e medianas empresas (peme) e, durante a fase de xustificación, o beneficiario acredita que as pemes asumiron un mínimo sumado do 30 por cento do total dos custos subvencionables e achega a declaración responsable das pemes en que se sinala a súa condición.

3. Nas actuacións de I+D, o límite máximo de subcontratación será o 50 por cento do importe da actividade subvencionada. No caso de prototipo de buque e sistemas, esta porcentaxe elevarase ao 60 por cento.

4. O beneficiario non poderá concertar a subcontratación da actividade subvencionada coas persoas ou entidades que recolle o artigo 29.7 da Lei 38/2013, do 17 de novembro.

Na fase de xustificación, o beneficiario deberá achegar as declaracións responsables das entidades subcontratadas que acrediten que estas cumpren, no momento da contratación, os requisitos establecidos polo artigo 13 da Lei 38/2013, do 17 de novembro.

Artigo 8. *Compatibilidade con outras axudas.*

Estas axudas son compatibles coas recibidas por outra Administración pública. A contía das axudas concedidas poderá ser modificada cando se obteñan concorrentemente outras axudas para os mesmos fins e estas superen conxuntamente o custo total da actividade subvencionada ou a intensidade permitida para as axudas. O receptor das distintas axudas para os mesmos fins deberá comunicalo á Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa. Para calquera outro aspecto, cumprirase co disposto no artigo 8 do Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño.

Artigo 9. *Órganos competentes para instruír e resolver o procedemento.*

1. O órgano competente para instruír o procedemento é a Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, que será a encargada do seguimento das axudas.

O órgano instrutor verificará o cumprimento dos requisitos das solicitudes e será o encargado de realizar, de oficio, cantas actuacións se consideren necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos cales se debe pronunciar na resolución, conforme o disposto no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Para a emenda e mellora da solicitude observarase o disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O órgano instrutor elevará a proposta de resolución definitiva ao órgano competente para resolver.

2. O órgano competente para resolver é o titular do departamento ministerial, sen prexuízo das delegacións existentes na materia.

A resolución será motivada e quedarán acreditados os seus fundamentos. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución non poderá exceder os seis meses desde a data de presentación da solicitude.

Poderanse entender desestimadas as solicitudes formuladas se, transcorrido o prazo máximo para resolver, non se ditase resolución expresa, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Artigo 10. *Procedemento.*

1. O beneficiario, ou líder do proxecto no caso de colaboración entre empresas, dirixirá a solicitude á Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa na forma establecida no artigo 14 da Orde IET/2679/2015, do 4 de decembro.

O efecto incentivador das axudas entenderase cumprido cando se garantan as condicións recollidas no artigo 6 do Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño. A data da solicitude, no caso de I+D e innovación en materia de procesos e organización, será sempre anterior á data de inicio dos traballos.

2. Á vista da dita solicitude e do informe de avaliación previo da entidade externa, independente e debidamente acreditada, o órgano instrutor redactará o correspondente informe de avaliación, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que lles notificará aos interesados, e concederá un prazo de 10 días para presentar alegacións. Unha vez que os interesados examinen as alegacións aducidas, se é o caso, o órgano instrutor emitirá a proposta de resolución definitiva, que lle será notificada ao interesado para que, no prazo de 10 días contados a partir do seguinte ao da súa notificación, comunique a súa aceptación, e indicárselle que se, non o fixese, se considerará que desiste da súa solicitude. En caso de aceptación, deberá acreditar tamén no dito prazo a súa condición de beneficiario, tal e como se especifica no artigo 13 da Lei 38/2013, do 17 de novembro. Finalmente, o órgano competente ditará a correspondente resolución.

As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito ningún, fronte á Administración, a favor do beneficiario proposto mentres non se lle notifique a resolución de concesión.

3. Unha vez finalizado o proxecto, o beneficiario comunicará a súa finalización á Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, para que poida ser realizada a comprobación material da actuación. O órgano encargado do seguimento das axudas realizará a inspección técnica e a comprobación material das actuacións obxecto de subvención.

4. O pagamento da axuda quedará suxeito á xustificación final da actuación e ao cumprimento das condicións impostas na dita resolución. Non se admitirán adiantos ou anticipos á conta. O outorgamento e a contía das axudas quedarán supeditados á dispoñibilidade de recursos do Fondo de reestruturación.

5. De acordo cos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, remitirase á Base de datos nacional de subvencións información sobre as axudas.

Artigo 11. *Xustificación.*

1. A xustificación das axudas realizarase de acordo co establecido no capítulo IV, artigo 30 e sucesivos, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no título II, capítulo II, do seu regulamento.

Unha vez realizadas as actuacións correspondentes, as empresas beneficiarias presentarán as súas xustificacións segundo a modalidade de conta xustificativa, con achega de informe de auditor. Estas xustificacións presentaranse unha soa vez para cada proxecto individual.

2. A documentación deberá indicar, de forma expresa e xustificadamente, que a axuda pública recibida de I+D ou innovación produciu un verdadeiro efecto de incentivación.

3. Documentación de xustificación. Xunto coa solicitude remitirase unha memoria técnico-económica que inclúa a conta xustificativa dos gastos do proxecto e o correspondente informe, que deberá emitir o auditor.

- a) No caso de proxectos de I+D, a memoria incluirá:
- 1.º Resumo e conclusións.
 - 2.º Obxectivos do proxecto.
 - 3.º Actividades desenvolvidas.
 - 4.º Resultados obtidos.
 - 5.º Efecto incentivador.
 - 6.º Anexos:
 - i. Informe económico.
 - ii. Certificados de finalización do proxecto e de que non recibiu ningún outro tipo de subvención.

No caso de prototipo de buque e sistemas, a memoria incluirá adicionalmente os seguintes anexos:

- i. Formato oficial de descrición do avance innovador, segundo o anexo I -Documento A- da Orde IET/2679/2015, do 4 de decembro.
- ii. Formato oficial de custos subvencionables, segundo o anexo I -Documento B- da Orde IET/2679/2015, do 4 de decembro.
- iii. Certificado de arqueo coas GT do proxecto e cálculo de CGT, no caso de prototipo de buque.

b) No caso de proxectos de innovación en materia de procesos e organización, consideraranse subvencionables os custos dos estudos de viabilidade efectuados durante os doce meses anteriores á presentación da solicitude de axuda. A memoria incluirá:

- 1.º Resumo e conclusións.
- 2.º Obxectivos do proxecto.
- 3.º Actividades desenvolvidas.
- 4.º Resultados obtidos.
- 5.º Efecto incentivador.
- 6.º Anexos:
 - i. Formato oficial de descrición da innovación, segundo o anexo I -Documento A- da Orde IET/2679/2015, do 4 de decembro.
 - ii. Formato oficial de custos subvencionables, segundo o anexo I -Documento B- da Orde IET/2679/2015, do 4 de decembro.
 - iii. Certificados de finalización do proxecto e de que non recibiu ningún outro tipo de subvención.

En todos os casos, a conta xustificativa deberá incluír un detalle pormenorizado dos custos en que se incorreu, agrupados por cada un dos conceptos de custo e especificando para todos e cada un dos custos, como mínimo:

- a) Data de factura.
 - b) Número de factura.
 - c) Data de pagamento.
 - d) Proveedor.
 - e) Concepto.
 - f) Importe sen o imposto do valor engadido (IVE).
4. O informe que deberá emitir o auditor realizarase conforme o especificado no anexo II da Orde IET/2679/2015, do 4 de decembro, respecto aos procedementos acordados de auditoría e redactarase, selarase e asinarase despois de que o auditor de contas verifícase que:
- a) Os conceptos obxecto de subvención e as correspondentes facturas se adecuan, nas contías, conceptos e período de realización do gasto, aos conceptos subvencionables

e que as facturas están rexistradas contablemente, de acordo co disposto no Plan xeral de contabilidade ou na súa correspondente adaptación sectorial, e demais normativa de desenvolvemento que lle sexa aplicable á entidade beneficiaria.

b) Os gastos e investimentos xustificádicos son coherentes coa natureza das actividades subvencionadas.

O informe relativo á revisión da conta xustificativa realizarao, asinarao e selarao un auditor de contas rexistrado en situación de exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (ICAC), para os efectos que exige a revisión de contas xustificativas de subvencións e de verificación da actuación obxecto de axuda do Fondo de reestruturación. Salvo que se indique expresamente o contrario nalgunha resolución da Dirección Xeral de Industria da Pequena e Mediana Empresa, non é obrigatorio que o auditor que realiza a comprobación da conta xustificativa dunha subvención sexa tamén quen realiza a auditoría das contas anuais da empresa.

Artigo 12. *Prazo de xustificación.*

1. A presentación da documentación xustificativa realizarase, como máximo, no prazo de tres meses desde a finalización do prazo establecido para realizar a actividade obxecto da subvención.

2. O incumprimento da obriga de xustificación determinará a declaración de perda de dereito á axuda.

3. No caso da xustificación tardía, entendendo por tal a que, sendo completa, fose presentada unha vez vencido o prazo máximo de tres meses antes referido, procederá igualmente a declaración de perda de dereito, ben que esta se poderá graduar. Corresponderá, en todo caso, unha perda do 20 por cento da axuda finalmente resultante e incrementarase a dita porcentaxe a razón dun 20 por cento adicional por cada 15 días hábiles de demora.

Artigo 13. *Pagamento das axudas.*

1. Á vista da documentación xustificativa requirida, logo de informe da Dirección Xeral de Industria da Pequena e Mediana Empresa, o titular do departamento ministerial, sen prexuízo das delegacións existentes na materia, ordenará o pagamento das aplicacións aprobadas para que sexan libradas con cargo ao Fondo de reestruturación, ou declarará a procedencia da perda do dereito ao cobramento total ou parcial e iniciará o trámite de audiencia previo á resolución correspondente.

2. Como requisitos previos ao cobramento das axudas correspondentes, cada empresa perceptora destas deberá xustificar:

a) Mediante os correspondentes certificados, nos termos previstos no artigo 2 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, só no caso en que o solicitante non autorice que o órgano concedente obteña de forma directa a dita acreditación a través de certificados electrónicos.

b) Mediante a presentación da correspondente declaración responsable, non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro de axudas ou subvencións ou non estar suxeito a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión Europea que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

3. A contía das axudas concedidas poderá ser modificada cando se alteren as condicións para obter a subvención, así como cando se obteñan concorrentemente outras axudas para os mesmos fins e estas superen conxuntamente o custo total da actividade subvencionada ou a intensidade permitida para as axudas. Nestes supostos, así como naqueles previstos no artigo 12 da Orde IET/2679/2015, do 4 de decembro, a Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa elevará a correspondente resolución

da declaración de perda do dereito ao cobramento da axuda ao ministro, sen prexuízo das delegacións existentes na materia.

Artigo 14. *Infraccións e sancións.*

1. Nos supostos de infraccións administrativas en materia de subvencións e axudas públicas, será de aplicación o previsto no título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no título IV do seu regulamento.

2. As infraccións poderán ser cualificadas como leves, graves ou moi graves, de acordo cos artigos 56, 57 e 58 da citada Lei 38/2003, do 17 de novembro. A potestade sancionadora por incumprimento exercerase de acordo co establecido no artigo 66 da mesma lei.

Artigo 15. *Causas de reintegro das axudas.*

1. Con independencia das devolucións que correspondan de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, procederá o reintegro, total ou parcial, e a exixencia do xuro de mora desde a data de pagamento da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro desta, nos supostos regulados no artigo 37 da citada lei, así como nos demais previstos expresamente por este real decreto.

O incumprimento dos requisitos establecidos neste real decreto e nas demais normas aplicables, así como das condicións que, se é o caso, se establecesen na correspondente resolución de concesión, dará lugar á perda do dereito ao cobramento da subvención ou, de ser o caso, logo do oportuno procedemento de reintegro, á obriga de devolver as axudas percibidas máis os xuros de demora correspondentes, no momento de detectarse o incumprimento, conforme o disposto no título II, capítulo I, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no título III do seu regulamento.

2. En concreto, establécense as seguintes causas de perda de dereito ao cobramento das axudas:

a) Se se abandona o proxecto ou se cancela o contrato do buque e nun prazo máximo dun ano o estaleiro non asinou outro contrato que permita a entrega deste con incorporación de todos os avances innovadores do proxecto correspondente, perderase o dereito ao cobramento da axuda concedida.

b) Se non se finaliza o proxecto, é dicir, no caso de que non se culminasen as actuacións que determinaron a concesión das axudas, procederá a declaración da perda total do dereito a elas, salvo que caiba apreciar motivadamente que o interesado se aproximou de modo significativo ao cumprimento total e que desenvolveu unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos. Neste último caso, a declaración da perda do dereito ao cobramento da axuda poderá ser parcial e proporcionada ao grao de cumprimento, que será determinado polo órgano encargado do seguimento das axudas en función da importancia dos incumprimentos e do seu peso no conxunto dos fins ou obxectivos perseguidos. En calquera caso, o dito grao de cumprimento, medido en termos de orzamento concedido, nunca poderá ser inferior ao 60 por cento.

Deberanse cumprir os requisitos establecidos no artigo 14.6 da Orde IET/2679/2015, do 4 de decembro.

En todo caso, o alcance do incumprimento será total nos seguintes casos:

1.º Falseamento, inexactitude ou omisión dos datos subministrados polo beneficiario que servisen de base para a concesión.

2.º Incumprimento da finalidade para a cal a axuda foi concedida.

3.º A non inscrición nos rexistros oficiais exixidos pola lexislación para o desenvolvemento da actividade financiada.

c) Se, tras finalizar o proxecto, o importe dos custos subvencionables xustificadas fose inferior ao dos custos subvencionables estimados que determinaron o importe da

axuda, declarárase, sen prexuízo do pagamento da cantidade debidamente xustificada, a perda parcial do dereito ao cobramento da axuda polo importe restante.

3. En caso de decisión previa pola cal a Comisión declarase unha axuda como ilegal e incompatible co mercado interior, a Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa suspenderá todo pagamento de axudas ao beneficiario mentres non reintegre o importe declarado ilegal, xunto cos correspondentes xuros de demora.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio dos procedementos.*

As axudas solicitadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto e anteriores ao 1 de xaneiro de 2017 rexeranse pola normativa vixente no momento da súa solicitude. As axudas solicitadas a partir do 1 de xaneiro de 2017 rexeranse por este real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto neste real decreto.

2. Así mesmo, quedan derogadas expresamente as seguintes disposicións:

a) Real decreto 1511/2005, do 19 de decembro, polo que se adapta a normativa sobre axudas á construción naval á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

b) Os capítulos I e III do Real decreto 442/1994, do 11 de marzo, sobre primas e financiamento á construción naval.

c) Os artigos 1.1.1, 2.1, 3.1, 4.1, 6.2, 7.1, 8.1 e 9.1 do Regulamento de primas e financiamento á construción naval, aprobado pola Orde do 26 de setembro de 1994.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido nas regras 13.^a e 15.^a do artigo 149.1 da Constitución, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento e aplicación.*

Autorízase o ministro de Economía, Industria e Competitividade para, no ámbito das súas competencias, ditar as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar este real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición derradeira cuarta. *Vixencia.*

A vixencia do presente real decreto finaliza o 31 de decembro de 2020.

Dado en Madrid o 29 de setembro de 2017.

FELIPE R.

O ministro de Economía, Industria e Competitividade,
LUIS DE GUINDOS JURADO